

ORIENTACIÓNS:

Tempo de traballo recomendado: rematade todas as actividades na 1º semana e enviádeas antes do 17 de xuño; seguintes días: revisade os envíos de tarefas e posibles atrasos.

Recuperacións avaliacións suspensas: prioritario rematar e enviar as **fichas de recuperación** para despois preguntaroo por videoconferencia (contactamos por correo-e).



DÚBIDAS: consultádeas escribíndome a bio3castrobaronceli@gmail.com; aclararemos dúbidas e resolveremos parte das actividades nas sesións de [videoconferencias dos martes ás 12:30](#)

FUNCIÓN DE RELACIÓ (HORMONAS; SAÚDE) e REPRODUCCIÓN (ANATOMÍA; SAÚDE)



(final do tema 5 – parte do tema 6)

Parte das anteriores quincenas adicáchedelas en Bioloxía ao tema da función de relación, que implica tanto ao **Aparato Locomotor** coma -sobre todo- o **Sistema Nervioso**, pero tamén ao **Sistema Endócrino** (formado por glándulas que fabrican *hormonas*, cada unha co seu propio efecto). Nesta última quincena, tras revisar como as drogas prexudican non só ao Sistema Nervioso senón tamén a outros ámbitos da saúde, imos achegarnos á anatomía dos **Aparatos Reprodutores**, así como revisar algúns hábitos saudables relacionados. Quedará para o próximo curso ver máis en profundidade o funcionamento destes e dalgúns outros aparatos e sistemas sobre os que traballáchedes nestre 3º trimestre. **ÁNIMO** cas tarefas finais, xa case rematamos...!!

- 1) **O SISTEMA NERVIOSO, AS DROGAS E A SAÚDE** (pendente da 5ªquincena). Consulta os arquivos deste [enlace](https://drive.google.com/drive/folders/17679SH6RBpCHJ-2lwAzrLcUQQn9vpkKD?usp=sharing) (<https://drive.google.com/drive/folders/17679SH6RBpCHJ-2lwAzrLcUQQn9vpkKD?usp=sharing>) e despois responde ás **cuestións** que alí atoparás.
- 2) **ANATOMÍA DO APARATO REPRODUTOR MASCULINO**. Consulta e repasa a **páx.114** do tema 6, e despois sinala o nome de cada parte no debuxo frontal e lateral:




- 3) **ANATOMÍA DO APARATO REPRODUTOR FEMENINO.** Consulta e repasa a páx.116, e despois sinala o nome de cada parte no debuxo frontal e lateral:



- 4) **ANATOMÍA E FUNCÍONS DOS APARATOS REPRODUTORES.** Repasa de novo as páxs.114 e 116, e despois completa o seguinte cadro indicando o nome de cada parte e/ou a función que realiza cada parte (DEBUXOS DESPOIS DO CADRO):

FUNCIÓN	LETRA	NOME
Fabricar secrecións que, xunto cos espermatozoides forman o seme.	A	
Expulsar a urina e o seme.		
	E	
Aloxar o embrión		
		Escroto
Almacenar os espermatozoides mentres estes maduran.		
	F	
		Trompas de Falopio
		Vaxina
Depositar os espermatozoides no aparato reprodutor feminino.		
	N	



- 5) **MÉTODOS ANTICONCEPTIVOS.** Consulta as páxs. 123 e realiza un cadro-resume (ou esquema) onde clasifiques e describas brevemente os diferentes métodos anticonceptivos.
- 6) **REPRODUCCIÓN E SAÚDE.** Consulta as páxs. 124-125 e tamén o seguinte enlace (<https://drive.google.com/drive/folders/1rLC2AmtDCMrTbH4vL9fhwT9KscHWrjwl?usp=sharing>), despois responde ás cuestións que atoparás nese mesmo enlace.
- 7) **VOLUNTARIA:** consultando as páxs, 118 e 120, así como os seguintes vídeos (vídeo 1º de 5min sobre **ovulación, fecundación e aniñamento:** https://youtu.be/_f0X_trbApw) (vídeo 2º de 8min sobre a **fecundación, embarazo e parto:** <https://youtu.be/tXDsRrKijqs>), describe cas túas palabras os sucesivos procesos que deben ter lugar para a reprodución humana.
*(axúdate dos seguintes termos que van en orde temporal:
 HORMONAS – OVULACIÓN – FECUNDACIÓN – CIGOTO – EMBRIÓN - IMPLANTACIÓN DO EMBRIÓN NO ÚTERO – XESTACIÓN - PARTO)*